

## OS INTERCAMBIOS CON EUROPA COMO MODELO DE APRENDIZAXE

A aposta que o noso centro fai por Europa renóvase cada curso co intercambio que temos co KARL VON FRISCH GYMNASIUM de Dusslingen (Stuttgart, Alemaña). A necesidade de apertura a outras nacións, o coñecemento destas e a posibilidade de futuro que representan as diversas institucións da Unión Europea conforman os obxectivos que perseguimos con estas actividades.

De forma concreta o coñecemento do sistema educativo dun país veciño, a realización de actividades culturais e artísticas en conxunto, a asistencia a clases no centro socio e a convivencia coas familias cremos que enriquecen a perspectiva cultural e académica do noso alumnado, fomentan o seu interese polo contexto sociopolítico no que viven, e os sitúa nunha perspectiva máis positiva e favorable para a súa formación.

Este curso solicitamos por segundo ano a institucionalización desta actividade co programa Erasmus+, na modalidade KA2, *school to school*. O curso pasado non conseguimos subvención a pesar de ter aprobados tódolos ítems cun 62 sobre 100. Tamén solicitamos subvención para os programas de formación do profesorado, modalidade KA1, e o presente curso remataremos o conseguido no 2015 sobre novas metodoloxías e boas prácticas co que 4 profesores e/ou profesoras se beneficiarían de cursos de formación en países europeos.

Traballamos tamén cun proxecto europeo KA3 sobre Avaliación de competencias transversais, un proxecto de experimentación, cofinanciado pola Comisión Europea e no que participan 17 socios de 11 países da UE, que pretende proporcionar ao profesorado e ao alumnado un modelo de aprendizaxe innovador que apoia o desenvolvemento e a avaliación de competencias transversais (como é o pensamento crítico, a creatividade e innovación, a colaboración, a comunicación e a aprendizaxe autónoma) incorporado no ensino e na aprendizaxe e aproveitando as tecnoloxías dixitais.

Estos proxectos se vertebran desde o Plan de Europeización do Centro para intentar abrir aos países vecinos a nosa aprendizaxe e compartila a través de toda a comunidade educativa: do alumnado aos intercambios, do profesorado cos proxectos de formación e coas familias a través da experiencia directa dos seus fillos e fillas.

Como Coordinadores de Programas Europeos estamos convencidos de que con esta apertura a Europa garantimos unha educación integral e actualizada ao noso alumnado. Por esta razón queremos fomentar e ampliar esta visión educativa.